



ACTA 2ª MESA CONTRATACIÓN EXPEDIENTE 1800/2024
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ARQUITECTURA PARA A REDACCIÓN DO
PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA" (PLAN + PROVINCIA
2024-LIÑA 4)

Na sala de xuntas do Concello da Estrada sendo as 12:11 horas do día 17 de setembro de 2024, constitúese a Mesa de Contratación, para levar a cabo o exame da documentación presentada polos licitadores para a adxudicación do contrato arriba referenciado, cuxa orde do día é a que a continuación se indica, e que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente : Dna. Amalia Goldar Cora (2ª Tenente Alcalde).

Vogais:

Dna. M.ª Jesusa Fernández Bascuas (Secretaria municipal.)
Dna. Carmen Morillo Rodríguez (Interventora municipal)
D. Daniel Órrea Corral (Arquitecto técnico municipal).
D. Luis López Bueno (Concelleiro do grupo municipal PSdG-PSOE)

Secretaria:

Dna. Vanessa Rodríguez Varela (Administrativa do Concello).

ORDE DO DÍA:

PRIMERO.- "Acto de valoración ofertas avaliáveis mediante xuízos de valor"(art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 1800/2024 para adxudicar a **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ARQUITECTURA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA".**

SEGUNDO.- "Acto de apertura de criterios avaliáveis automáticamente".

Iníciase a sesión e, constituída a Mesa, a Secretaria Municipal da conta dun recurso potestativo de reposición presentado o día 13/09/2024 polo licitador CÉSAR GARCÍA PIÑEIRO, (R.E n.º 2024-E-RE-4130) pola exclusión do procedemento de contratación ao presentar a documentación fóra de prazo e no que alega un mal funcionamento da Plataforma de Contratos do Sector Público.

A Secretaria Municipal indica que solicitouse por medio de correo electrónico á PLACSP, Informe sobre se a Plataforma deixou de estar activa nalgún momento durante o día 9/09/2024, data na que remataba o prazo de presentación de ofertas, e que impedira subir a documentación correspondente, e por outro lado, se o licitador se puxo en contacto coa PLACSP. A Plataforma contestou ao correo electrónico o día 16/09/2024 ás 14:12 horas indicando o seguinte:

- A PLACSP estivo prestando servizo con normalidade o día 09/09/2024
- Non consta contacto con soporte PLACSP do licitador CÉSAR GARCÍA PIÑEIRO,

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Á vista do anterior a MESA ratifícase na exclusión do procedemento de contratación do licitador CÉSAR GARCÍA PIÑEIRO, e dase comezo ao 1º acto seguindo a Orde do día: **"Acto de valoración ofertas avaliábeis mediante xuízos de valor"**.

A continuación a Secretaria indica que se vai proceder á puntuación das ofertas presentadas na que se valoran criterios suxeitos a xuízos de valor.

Toma a palabra o Sr. Órrea Corral e tras explicar as razóns que motivaron as puntuacións outorgadas e plasmadas no informe, procede a enunciar as puntuacións outorgadas aos licitadores presentados.

- LICITADOR: AM2_ARQUITECTOS, 13 puntos dos 40 previstos, desglosados do seguinte xeito:

1- MEMORIA TÉCNICA:

- 1.1.- Proposta de deseño (máx 30 puntos): 10 puntos
- 1.2.- Proposta de procedementos de traballo (máx. 10 puntos): 3 puntos

- LICITADOR: ANGEL JAIME SANTORIO CUARTERO, 27 puntos dos 40 previstos, desglosados do seguinte xeito:

1- MEMORIA TÉCNICA:

- 1.1.- Proposta de deseño (máx 30 puntos): 24 puntos
- 1.2.- Proposta de procedementos de traballo (máx. 10 puntos): 3 puntos

- LICITADOR: GALAICONTROL, S.L., 36 puntos dos 40 previstos, desglosados do seguinte xeito:

1- MEMORIA TÉCNICA:

- 1.1.- Proposta de deseño (máx 30 puntos): 26 puntos
- 1.2.- Proposta de procedementos de traballo (máx. 10 puntos): 10 puntos

A Mesa, á vista das explicacións do Técnico o Sr. Órrea Corral, por unanimidade acorda asumir ditas puntuacións e por parte da Secretaria de mesa procédese a incorporar o Informe da valoración do Sr. Órrea Corral á PLACSP.

A continuación e tendo en conta o esixido no PCAP que establece: **"Para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor (20 puntos)"**, o licitador AM2_ARQUITECTOS cunha puntuación de 13 puntos non acada a puntuación mínima esixida, polo que a Mesa **ACORDA:**

Excluir do procedemento de contratación ao licitador AM2_ARQUITECTOS, polo motivo exposto anteriormente.

De seguido dase comezo ao segundo acto da Orde do día **"Apertura de criterios avaliábeis automáticamente"** procedéndose á descarga e apertura das ofertas

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





económicas (sobre B) presentada polos licitadores:

LICITADOR: ANGEL JAIME SANTORIO CUARTERO

- Prezo Ofertado: 20.000,00 € + IVE = 24.200,00 €
- Experiencia: Non acredita
- Reducción prazo execución: 4 semanas

LICITADOR: GALAICONTROL S.L

- Prezo Ofertado: 23.250,00 € + IVE = 28.132,50 €
- Experiencia: 3 proxectos
- Reducción prazo execución: 1 semana

A continuación a Mesa procede a realizar os cálculos oportunos de acordo co apartado 20 do Anexo I das Características do Contrato do PCAP, onde se sinalan os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos nos que unha oferta se considere anormal de conformidade co disposto no artigo 149.2 LCSP e do Art. 85 do RCLSP, non incurrindo en baixa desproporcionada ningún licitador.

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA**: Admitir definitivamente á licitación aos seguintes licitadores:

LICITADOR: 53171949C
Razón social: ANGEL JAIME SANTORIO CUARTERO

LICITADOR: B36651487
Razón social: GALAICONTROL, S.L.

A continuación incorpórase na PLACSP o "**Acto de valoración de criterios avaliáveis automáticamente**" dándose comezo ao mesmo correspondendo as seguintes puntuacións unha vez calculadas segundo os criterios establecidos no PCAP:

LICITADOR	PREZO OFERTADO SEN IVE	PUNTOS	EXPERIENCIA	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO	PUNTOS	TOTAL PUNTOS CRIT. AVAL AUT
ANGEL JAIME SANTORIO CUARTERO	20.000,00 €	42,59	0	0	4 SEMANAS	8	50,59
GALAICONTROL S.L	23.250,00 €	41,39	3 PROXECTOS	3	1 SEMANA	2	46,39

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





A continuación a Mesa procede á suma das puntuacións obtidas e polo tanto á valoración das ofertas, de conformidade cos criterios establecidos no apartado 19 do Anexo I (características do contrato) do PCAP, obténdose o seguinte resultado:

LICITADOR	CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS VALOR		PUNTOS	CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE				TOTAL PUNTOS
				OFERTA	PUNTOS	PUNTOS EXPERIENCIA	PUNTOS REDUCC. PRAZO	
ANGEL JAIME SANTORIO CUARTERO	1. PROPOSTA DE DESEÑO	24	27	20.000,00 €	42,59	0	8	77,59
	2. PROCEDEMENTOS DE TRABALLO	3						
GALAICONTROL S.L	1. PROPOSTA DE DESEÑO	26	36	23.250,00 €	41,39	3	2	82,39
	2. PROCEDEMENTOS DE TRABALLO	10						

Á vista de todo o actuado, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros **ACORDA**: Efectuar respecto a seguinte avaliación e clasificación, outorgando as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas no procedemento ordeándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

ORDE	LICITADOR	PUNTOS
1º	GALAICONTROL S.L	82,39
2º	ANGEL JAIME SANTORIO CUARTERO	77,59

A continuación, e trala finalización do acto de "Valoración de criterios avaliados automáticamente", incorpórase e dase comenzo ao acto "**Proposta de adxudicación**".

Á vista de todo o actuado e de acordo co indicado no artigo 159.4 da LCSP a Mesa por unanimidade **ACORDA PROPOÑER AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**:

Primeiro.- Excluir do procedemento de contratación ao licitador CESAR GARCÍA PIÑEIRO, por presentar a documentación fóra de prazo.

Segundo.- Excluir do procedemento de contratación ao licitador AM2_ARQUITECTOS non acadar a puntuación mínima esixida (20 puntos) na valoración da Memoria Técnica.

Terceiro.- Admitir definitivamente ao procedemento de contratación aos seguintes licitadores:

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





LICITADOR: 53171949C
Razón social: ANGEL JAIME SANTORIO CUARTERO

LICITADOR: B36651487
Razón social: GALAICONTROL, S.L.

Cuarto.- Formular proposta de adjudicación do expediente n.º 1800/2024, da **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ARQUITECTURA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA"**, a favor da empresa **GALAICONTROL, S.L.** con **C.I.F B36651487** ao tratarse da empresa licitadora que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

- Oferta económica: 23.250,00 € + IVE = 28.132,50 €
- Redución do prazo de execución: 1 semana.

Quinto.- Requirir ao licitador **GALAICONTROL S.L** para que no prazo de 7 días hábiles, presente a documentación correspondente, de conformidade coa cláusula 27 do Prego de cláusulas administrativas particulares e co artigo 159.4.f) 4º da LCSP.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dase por rematada a sesión sendo as 13:15 horas do día do seu comezo.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA DA MESA

Documento asinado dixitalmente á marxe

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233